



NOMEADOS POR CATEGORÍAS

Plato do ano (salado ou do doce)

- RISSOTO DE LAMPREA (RESTAURANTE CHEF RIVERA - PADRON)
Máxima expresión da cociña da lamprea de José Antonio Rivera; mostra da evolución que se pode acadar dende o respecto aos sabores tradicionais a partir de un produto ancestral da despensa e da cociña galega
- TERRA E NEVOA NO CAMINO DA SERPE (PEPE VIEIRA CAMINO DA SERPE)
Espectacular combinación de texturas e sabores co que Aitor Martínez concursou no último campionato galego de cociñeiros profesionais.
- SALPICON DE BOGAVANTE (EL REFUGIO - OLEIROS)
Entrante recoñecido por mais de douscentos galegos, con longa traxectoria e cun grado de satisfacción exemplar e modélica

Profesional/empresario do ano (cociñeiro, maitre, camarero, sumiller, acollida e servizo en sala)

- BEATRIZ SOTELO (A ESTACION DE CAMBRE)
Cociñeira, membro do grupo Nove, gañadora da edición 2008 do concurso cocinero del año; representa un valor galego no mais alto do podium dun novo certamen de cociña de ámbito nacional
- JOSE ANTONIO CASTRO (PRESIDENTE HESPERIA)
Un galego en calidade de Presidente da Cadena Hesperia qu personifica un dos proxectos de maior embargadura da hotelería española tanto polo seu peso económico como polas infraestructuras. En Galicia fíxose cargo de proxectos que precisaban dun pulo profesional como Guitiriz, ou un aposta pola recuperación de establecementos hoteleiros emblemáticos como o Finisterre en A Coruña ou o Gran Hotel A Toxa
- MANUEL GARCIA (O RETIRO DA COSTINA)
Por converter o retiro da costiña nun restaurante de peregrinación e situar Santa Comba no mapa da alta gastronomía nacional con unha estrela michelín
- XURXO RIVAS (TABERNA O SECRETO)
Sumiller que deixa sempre o nome de Galicia nos podiums dos certames nacional nos que participa; ademais de campión de Galicia de sumilleres, Xurxo Rivas gañou tamen o Gamínedes, ou concurso Sumiller Rioja Zona Norte

Mellor “oferta complementaria” (adeга de restaurante, carta de puros, almuerzo de hotel, actividades de enoturismo, ecoturismo e no medio rural, e plataformas de dinamización)

SPA PARADOR DE SAN ESTEVO

O primeiro SPA que Paradores de España pon en funcionamento en Galicia (e o cuarto en España) co obxectivo de mellorara a súa oferta e contribuir na loita contra a desestacionalización na Ribeira Sacra, que acadou a condición de destino turístico nacional a partir apertura de este emblemático establecemento hoteleiro.

TURISMO MARINEIRO MAR DE LIRA

Mardelira é un proxecto que nace na Confraría de Lira cos obxectivos básicos de dar a coñecer o mundo da pesca e o mar á sociedade ademais de dinamizar o entorno social da comunidade pescadora de Lira. Neste marco de dinamización e posta en valor dos recurso mariños ofrecen a posibilidade de vivir una xornada de pesca cos mariñeiros da cofradía.

ASOCIACION BARISTAS DE GALICIA

Nace en 2006 para promocionar e dignificar esta especialidade dende a profesionalidade. No seu arranque celebra en Galicia a final nacional do Campeonato de España de Baristas, ademais de organizar cursos decursos de formación e asesorar para a apertura de novos negocios, nos primeiros pasos dun sector profesional emerxente.

ACQUAVISION GALICIA

Polo seu papel innovador e pioneiro no aproveitamento do mar galego para actividades turísticas nauticas: en 1994 pon en marcha primeiro barco semisumexido na costa galega para o disfrute do fondo marino, motor para a creacion doutras empresas que complementaba a oferta inicial como Acquaruim Galicia, ou os catamarans cos que poñen en valor o patrimonio pesqueiro e cultural do mar galego dos que xa disfrutaron mais de 500.000 persoas

Mellor labor no ámbito da formación, actualización profesional e I+D empresarial

Iniciativa privada

AMAIGA - CURSOS FORMACION DO FORMIC

Polo aproveitamento dos recursos da Fundación para el Desarrollo de la Formación en las Zonas Mineras del Carbón, no marco do Programa de axudas e becas para o desenvolvemento económico alternativo en zonas desfavorecidas, a través da formación e capacitación profesional dos recursos humanos, mellorando a súa empleabilidade y posibilidades de acceso ao mercado de traballo

I+D BODEGAS TERRAS GAUDA

Adega abandeirada da modernización dos viños do Rosal, exemplar tamén na comercialización de desenvolve situando viños da DO Rías Baixas nos mercados internacionais mais prestixiosos, e que canalizou o compromiso co país activando os primeiros programas de I+D para a obtención de clons de albariño. O resultado é a patente da primeira levadura de albariño.

Iniciativa pública

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL (AGADER)

Axencia que promove e coordina o desenvolvemento do medio rural galego, mellorando a calidade e condicións de vida dos habitantes do medio rural, ao tempo que contribúe a cohesión do territorio, apoiando iniciativas individuais ou colectivas que poñen en valor o espacio rural, con repercusións nos sectores turístico e alimentario.

IES FRAGAS DO EUME

Por ter consolidado o concurso de cociña en memoria do profesor Rodríguez Moldes para alumnos dos centros de formación galegos

Mellor proxecto empresarial: restaurante, taberna, tenda, hotel, establecemento rural, camping, aparthotel, balneario uo axencia de viaxes
en restauración

A PARADA DAS BESTAS

Oferta gastronómica de alto nivel con cociña de autor a patir do aproveitamento dos recursos endóxeos, no marco dun establecemento de referencia en turismo e actividades no medio rural.

RESTAURANTE NITO

Nha traxectoria de fondo compromiso coa tipicidade gastronómica e a despensa galega, reforzada con una anovación de infraestructuras e unha posta ao día en servicios, que contribúen ao deseño dunha Galicia excelente dende A Mariña lucense.
en aloxamento

POUSADAS DE COMPOSTELA

Modelo de sociedade para a xestión de hoteis con encanto e altísimo nivel de calidade en Santiago de Compostela e comarca

CAMPING RURAL RIA DE AROSA

Primeiro parque de vacacións que acada en Galicia a Q de Calidade dende o respecto o medio ambiente, onde o contacto e disfrute da natureza é compatible con servicios de luxo e un alto grao de confort.

Mellor produto: firma produtora alimentaria, produtos de calidade, viños, bebidas espirituosas, consellos reguladores e outras entidades de control, técnicos)

MARRON GLASE DE JOSE POSADA

Trinta anos de experiencia no tratamento da castaña e pioneiro na posta en valor dun produto da despensa tradicional galega, transformado en artigo de luxo unha materia prima humilde e popular a que situou nos mercados internacionais masi prestixiosos.

As adegas Guímaro (El Pecado), QuinTA da Muradella (A Trabe), Alqueira (ALGUEIRA) e Forjas (GOLIARDO CAIÑO e LOUREIRA)

todos eles puntuados con mais de 90 puntos por Robert Parker, critico de referencia a nivel mundial, o que situa 5 viños galegos, 3 de eles tintos, entre os mellores do mundo, un recoñecemento cualitativo sin precedentes.

D.O. LACON GALLEGO

No camiño hacia o impulso definitivo de esta denominacion de orixe que ampara materia prima emblematica para a despensa e a cociña galega.

D.O. MONTERREI

Pola vontade de pular por esta denominacion de orixe con unha potencialidade importante e decisiva na produción de viños galegos de calidade

Mellor oferta de equipamentos para o sector (fabricantes, distribuidores)

ROSAREIRO

con mais de 35 anos adicados o sector industrial da alimentación e o equipamento de hostelería e colectividade, desde o frío industrial ata o desenvolvemento de procesos industriais en alimentación, e dende Ourense e con presenza en Madrid dende este ano. O seu fundador, no cúmulo da súa vida laboral, é un modelo de traxectoria vital e empresarial.

Miguel Angel Muñoz García GIRBAU (GALICIA)

Porque fixo galega unha firma allea, proxectandoa cara a Portugal, nun exemplo de praxis eurorexional e vigor empresarial.

EKIPO

Respostas integrais no montaxe de establecementos hostaleiros, radicada en Vigo e con unha importante aceptación no sector.

TOMAS FERNANDEZ

Distribuidora viguesa de maior efectividade e dinámica comercial, detentadora de primeiras marcas de viño e outras bebidas para a provincia de Pontevedra.

DISTRIBUCIONES MONTEVERDE

modelo de empresa de distribución de perecederos de alta calidade para hostelería, pola incorporación de novas referencias, atento as novidades e as necesidades do mercado, e cun inpecable servicio ao cliente.

Mellor labor de divulgación turístico-hostaleira (traballo periodístico ou literario, reportaxe de TV ou radio, páxina web)

DESTINO GALICIA TV

Primeiro canal dixital cen por cen galego, unha ventá ao mundo para a divulgación do coñecemento dos encantos e realidades de Galicia

ALFONSO BASTERRA (CADENA COPE)

Xornalista que creou dende a emisora da Cadena COPE en Santiago de Compostela o primeiro programa de divulgación turística no panorama galego.

Mellor acción de promoción: campaña turística, promoción de produto, deseño publicitario, anuncio ou similar, acción de mercadotecnia ou imaxe corporativa

Iniciativa privada

GADIS (VIVAMOS COMO GALEGOS)

Polo impacto e calado da mensaxe e o concepto de sentido de país. Visto en mais de 60 países, milleiros de descargas en Internet, e versións posteriores a altura da primeira versión acreditan o acerto da mensaxe e do formato.

REVISTA PAZOS DE GALICIA

Publicación sectorial que contribúe a imaxe de excelencia do turismo rural de calidade en Galicia que reúne a asociación Pazos de Galicia.

Campañas /accións institucionais

GALICIA CALIDADE (COS OLLOS PECHADOS)

Campaña do 2007 que acreditou e estendeu a marca de calidade para produtos galegos, con unha mensaxe e deseño que calaou entre os cidadáns

DEPUTACION DE A CORUNA

Pola labor e inversión na promoción de zonas e comarcas da provincia, como o Eume-Ortegal, e en apoio a candidatura da Torre de Hercules que, no seu oitavo centenario, aspira a converterse en Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

GRAEGA (MENUS DEGUSTACION CON PRODUCTOS ECOLOXICOS)

Pola unión dos conceptos de alta gastronomía e producións ecoloxicas e sustentables